

**1. Identificación da programación****Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27020793	Porta da Auga	Ribadeo	2016/2017

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0014	Expresión e comunicación	2016/2017	0	213	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	CATARINA CAMPUZANO AFONSO,SUSANA LEMA VÁZQUEZ (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión e a comunicación en relación coas características individuais e do grupo a que se dirixan.
RA2 - Selecciona recursos de expresión e comunicación dirixidos aos nenos e ás nenas, e relaciona as súas características co momento evolutivo das persoas destinatarias.
RA3 - Pon en práctica estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión oral en relación cos obxectivos previstos.
RA4 - Pon en práctica actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal en relación cos obxectivos previstos e coas estratexias e os recursos apropiados.
RA5 - Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito da expresión e da comunicación, e argumenta as variables salientables e os instrumentos de avaliación

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse as características dos tipos de expresión en función da idade das persoas destinatarias.
CA1.2 Analizáronse as teorías sobre a relación entre a linguaxe e o pensamento en cativos e cativas de cero a seis anos.
CA1.3 Analizáronse as teorías da adquisición da linguaxe en nenos e nenas de cero a seis anos.
CA1.4 Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades e definíronse espazos favorecedores do desenvolvemento da expresión e a comunicación adecuados ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA1.5 Estableceuse unha distribución temporal das actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión e a comunicación para se adaptar ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA1.6 Fixéronse propostas creativas no deseño de actividades para a expresión e a comunicación infantil.
CA1.7 Valorouse a expresión como elemento esencial para a observación do desenvolvemento infantil.
CA2.1 Identifícanse os recursos das formas de expresión e de comunicación dirixidos á poboación infantil.
CA2.2 Identifícanse as características do recurso.
CA2.3 Xustificáronse as posibilidades didácticas e o valor educativo dos recursos seleccionados en galego e en castelán.
CA2.4 Descríronse as normas de seguridade aplicables a cada recurso.
CA2.5 Definíronse os criterios salientables que en cada recurso permitan a selección.
CA2.6 Relacionouse o momento evolutivo do cativo ou da cativa coas características do recurso seleccionado.
CA2.7 Valorouse a importancia de adecuar os recursos ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA2.8 Valorouse a necesidade da biblioteca infantil como recurso para o desenvolvemento da expresión e da comunicación dos nenos e das nenas de cero a seis anos.
CA3.1 Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.
CA3.2 Realizáronse as actividades de desenvolvemento da expresión oral axustándose á planificación temporal.
CA3.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.



**Criterios de avaliación do currículo**

CA3.4 Elaboráronse materiais que potencien a adquisición e o desenvolvemento da expresión oral en cativos e cativas.

CA3.5 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais no desenvolvemento da actividade.

CA3.6 Identificáronse os principais trastornos e as alteracións máis salientables no desenvolvemento da expresión oral.

CA3.7 Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.

CA3.8 Valorouse a importancia de respectar a lingua materna dos pequenos e das pequenas.

CA3.9 Valorouse a coherencia da realización das actividades coa planificación.

CA3.10 Identificáronse os trastornos máis comúns e as alternativas de intervención.

CA4.1 Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.

CA4.2 Realizáronse as actividades axustándose á planificación temporal.

CA4.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.

CA4.4 Fixéronse propostas creativas no deseño de actividades para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal na infancia.

CA4.5 Elaboráronse materiais que potencien a adquisición e o desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical e corporal na infancia.

CA4.6 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais.

CA4.7 Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.

CA4.8 Valorouse a coherencia entre a realización das actividades e a planificación.

CA4.9 Respondeuse ante as continxencias.

CA4.10 Xeráronse contornos de intervención seguros.

CA4.11 Valoráronse as expresións de aproximación á linguaxe gráfica.

CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.

CA5.2 Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado ás características individuais e á idade do neno ou da nena.

CA5.3 Elaboráronse instrumentos de observación no seguimento da evolución expresiva e comunicativa dos pequenos e das pequenas.

CA5.4 Aplicouse o instrumento de avaliación seguindo o procedemento correcto.

CA5.5 Rexistráronse os datos derivados da avaliación no soporte establecido.

CA5.6 Interpretouse a información recollida do proceso de avaliación.

CA5.7 Identificáronse as situacións en que cumpra a colaboración doutro persoal profesional.

CA5.8 Elaborouse a documentación dirixida ás familias e a outro persoal profesional.

CA5.9 Identificáronse as causas dunha intervención non adecuada.



## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión e a comunicación en relación coas características individuais e do grupo a que se dirixan.
RA2 - Selecciona recursos de expresión e comunicación dirixidos aos nenos e ás nenas, e relaciona as súas características co momento evolutivo das persoas destinatarias.
RA3 - Pon en práctica estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión oral en relación cos obxectivos previstos.
RA4 - Pon en práctica actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal en relación cos obxectivos previstos e coas estratexias e os recursos apropiados.
RA5 - Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito da expresión e da comunicación, e argumenta as variables salientables e os instrumentos de avaliación

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse as características dos tipos de expresión en función da idade das persoas destinatarias.
CA1.2 Analizáronse as teorías sobre a relación entre a linguaxe e o pensamento en cativos e cativas de cero a seis anos.
CA1.3 Analizáronse as teorías da adquisición da linguaxe en nenos e nenas de cero a seis anos.
CA1.4 Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades e definíronse espazos favorecedores do desenvolvemento da expresión e a comunicación adecuados ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA1.5 Estableceuse unha distribución temporal das actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión e a comunicación para se adaptar ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA1.6 Fixéronse propostas creativas no deseño de actividades para a expresión e a comunicación infantil.
CA1.7 Valorouse a expresión como elemento esencial para a observación do desenvolvemento infantil.
CA2.1 Identifícanse os recursos das formas de expresión e de comunicación dirixidos á poboación infantil.
CA2.2 Identifícanse as características do recurso.
CA2.3 Xustificáronse as posibilidades didácticas e o valor educativo dos recursos seleccionados en galego e en castelán.
CA2.4 Descríronse as normas de seguridade aplicables a cada recuso.
CA2.5 Definíronse os criterios salientables que en cada recurso permitan a selección.
CA2.6 Relacionouse o momento evolutivo do cativo ou da cativa coas características do recurso seleccionado.
CA2.7 Valorouse a importancia de adecuar os recursos ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA2.8 Valorouse a necesidade da biblioteca infantil como recurso para o desenvolvemento da expresión e da comunicación dos nenos e das nenas de cero a seis anos.
CA3.1 Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.
CA3.2 Realizáronse as actividades de desenvolvemento da expresión oral axustándose á planificación temporal.
CA3.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.



**Criterios de avaliación do currículo**

CA3.4 Elaboráronse materiais que potencien a adquisición e o desenvolvemento da expresión oral en cativos e cativas.

CA3.5 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais no desenvolvemento da actividade.

CA3.6 Identificáronse os principais trastornos e as alteracións máis salientables no desenvolvemento da expresión oral.

CA3.7 Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.

CA3.8 Valorouse a importancia de respectar a lingua materna dos pequenos e das pequenas.

CA3.9 Valorouse a coherencia da realización das actividades coa planificación.

CA3.10 Identificáronse os trastornos máis comúns e as alternativas de intervención.

CA4.1 Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.

CA4.2 Realizáronse as actividades axustándose á planificación temporal.

CA4.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.

CA4.4 Fíxéronse propostas creativas no deseño de actividades para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal na infancia.

CA4.5 Elaboráronse materiais que potencien a adquisición e o desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical e corporal na infancia.

CA4.6 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais.

CA4.7 Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.

CA4.8 Valorouse a coherencia entre a realización das actividades e a planificación.

CA4.9 Respondeuse ante as continxencias.

CA4.10 Xeráronse contornos de intervención seguros.

CA4.11 Valoráronse as expresións de aproximación á linguaxe gráfica.

CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.

CA5.2 Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado ás características individuais e á idade do neno ou da nena.

CA5.3 Elaboráronse instrumentos de observación no seguimento da evolución expresiva e comunicativa dos pequenos e das pequenas.

CA5.4 Aplicouse o instrumento de avaliación seguindo o procedemento correcto.

CA5.5 Rexistráronse os datos derivados da avaliación no soporte establecido.

CA5.6 Interpretouse a información recollida do proceso de avaliación.

CA5.7 Identificáronse as situacións en que cumpra a colaboración doutro persoal profesional.

CA5.8 Elaborouse a documentación dirixida ás familias e a outro persoal profesional.

CA5.9 Identificáronse as causas dunha intervención non adecuada.

### 3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles a nivel teórico-práctico correspóndense cos contidos establecidos no currículo de educación infantil. (Decreto 226/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en educación infantil) e para o módulo de Expresión e comunicación son:

-Contidos básicos:

- Planificación de estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión e da comunicación.
- Selección de recursos de expresión e comunicación dirixidos aos nenos e ás nenas.
- Posta en práctica de estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión oral.
- Posta en práctica de actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal.
- Avaliación do proceso e do resultado da intervención realizada no ámbito da expresión e da comunicación.

Todos os contidos:

- Definición de expresión, comunicación e linguaxe.
- Niveis no estudo da linguaxe: fonética e fonoloxía, morfoloxía, semántica, sintaxe, pragmática e metalingüística.
- Linguaxe e pensamento.
- Análise e identificación das funcións da linguaxe.
- Identificación das diversas posturas en torno á relación entre pensamento e linguaxe.
- Valoración da comunicación como un proceso de cambio social que contribúe ao enriquecemento persoal.
- A linguaxe e a expresión no desenvolvemento integral dos nenos/as de cero a seis anos.
- Factores que interveñen no desenvolvemento da linguaxe.
- Teorías de adquisición da linguaxe.
- A lingua galega como medio de comunicación e expresión na educación infantil
- Caracterización dos fitos máis importantes na evolución das diferentes linguaxes e sistemas de comunicación no neno/a de cero a seis anos
- Linguaxe oral no desenvolvemento integral do neno/a de cero a seis anos.
- Evolución da linguaxe oral no neno/a de cero a seis anos.
- Condicionantes externos e internos que determinan ou inflúen no desenvolvemento da linguaxe oral.
- Programas Bilingües: Tipos y Contextos
- Trastornos máis frecuentes da linguaxe oral asociados ou non a deficiencias.
- Os sistemas alternativos de comunicación
- Recursos materiais, espaciais e temporais que contribúen ao desenvolvemento da linguaxe oral.
- Actividades que potencien o desenvolvemento da linguaxe oral na etapa de 0-6 anos.
- Análise dos condicionantes externos e internos que determinan ou inflúen no desenvolvemento da linguaxe humana.
- Identificación dos síntomas dos trastornos máis frecuentes da linguaxe oral.
- Selección de estratexias didácticas para o desenvolvemento da linguaxe oral tendo en conta: nivel evolutivo, atención á diversidade, etc.
- Elaboración de actividades que potencien o desenvolvemento da linguaxe oral atendendo a: capacidades que hai que desenvolver, recursos necesarios, papel do educador, etc.
- Selección das actividades máis apropiadas para actuar ante os trastornos da linguaxe.
- Organización dun taller ou recuncho de expresión oral.
- A literatura infantil: definición.
- Características e xéneros da tradición: nanas, retahílas, conxuros, adiviñas, refráns, xogos corporais, cancións, contos de fórmula, conto tradicional, conto marabilloso, etc.
- Características e evolución da literatura de autor tendo en conta os seguintes criterios: material, formato, deseño, ilustración, texto e argumento.
- Conto: definición e características.
- A poesía na literatura infantil.
- Criterios de selección de recursos para traballar a literatura infantil cos nenos/as de cero a seis anos:



- Taller de literatura infantil.
- Biblioteca de aula ou de Centro.
- Análise dos diferentes xéneros de literatura infantil.
- Adaptación dos contos, poemas e outros recursos orais á idade e características dos nenos/as.
- Utilización de técnicas para contar un conto atendendo a diferentes criterios: monicreques, teatro, marionetas, luz negra, etc
- Valoración da importancia da literatura na Educación Infantil.
- Interese pola recollida, elaboración, clasificación e adaptación das diferentes manifestacións da literatura popular ás características da infancia.
- Conceptos básicos da expresión corporal: O corpo, o espazo e a relación co corpo, o movemento.
- xogo dramático en nenos/as de cero a seis anos. Definición, características e elementos que o compoñen.
- A creatividade na expresión corporal e dramática.
- Obradoiro de expresión corporal , dramatización e recuncho de disfraces.
- Técnicas de expresión xestual e corporal.
- Recursos educativos para a expresión xestual e corporal.
- Descrición dos conceptos de expresión corporal.
- Utilización da expresión corporal como vía de fomento da imaxinación, da fantasía e do descubrimento das posibilidades corporais.
- Aplicación de técnicas e recursos da expresión corporal.
- Análise do tratamento da comunicación xestual e corporal no currículo da Educación Infantil.
- Gusto pola actividade corporal.
- Valoración das posibilidades expresivas e comunicativas dos acenos e do corpo, admitindo as posíbeis ambigüidades das mesmas.
- Interese polas mensaxes que os demais poden transmitírnos a través dos acenos e dos movementos.
- Evolución da linguaxe lóxico - matemática.
- Aspectos básicos da expresión lóxico - matemática: nocións xeométricas, prenuméricas, numéricas, e o razoamento lóxico - mate-mático.
- Recursos e materiais da expresión lóxico -matemática
- Principios pedagóxicos. O papel do educador/a.
- Actividades lóxico - matemáticas adaptadas ás capacidades evolutivas dos nenos/as de cero a seis anos.
- Observación das manifestacións lóxico -matemáticas nas diferentes etapas evolutivas.
- Selección e utilización de recursos para o desenvolvemento da linguaxe lóxica - matemática.
- Análise do tratamento da linguaxe lóxico - matemática no Currículo da Educación Infantil.
- Valoración das actividades lóxica - matemáticas no desenvolvemento infantil.
- Disfrute coa exploración de materiais e obxectos diversos relacionados co área lóxico- matemática.
- Evolución da expresión rítmico-musical nos nenos/as de cero a seis anos.
- Educación auditiva.
- A educación vocal: A canción como eixo vertebrador da actividade musical.
- Criterios de selección de cancións e danzas. O folclore Galego.
- Obradoiro de música e construción de instrumentos musicais.
- Identificación dos diferentes momentos evolutivos da expresión rítmico-musical na infancia.
- Utilización de técnicas e recursos musicais para iniciar aos máis pequenos na educación rítmico-musical.
- Aplicación de diversos ritmos favorecedores para o desenvolvemento dos nenos/as de cero a seis anos.
- Planificación de actividades para favorecer a educación vocal e auditiva.
- Selección e memorización de cancións.
- Utilización do folclore popular galego como vehículo de expresión rítmico-musical na Educación Infantil.
- Análise do tratamento da expresión rítmico-musical no currículo da Educación Infantil.
- Organización dun obradoiro de música, de construción de instrumentos musicais ou de bailes.
- Valoración das actividades rítmicas e musicais no desenvolvemento infantil.
- Valoración das posibilidades terapéuticas da música e a súa influencia na vida emocional das persoas.



- Evolución da expresión plástica na infancia.
- Conceptos básicos da expresión plástica: cor, liña, forma, volume.
- Técnicas e recursos para a expresión plástica.
- Actividades que potencien o desenvolvemento da expresión plástica nos nenos/as de cero a seis anos.
- Obradoiro e recuncho para a expresión plástica.
- Observación das manifestacións da expresión plástica nas diversas etapas polas que pasan os nenos/as de 0 a 6 anos.
- Selección de estratexias didácticas para o desenvolvemento da expresión plástica tendo en conta: nivel evolutivo, atención á diversidade, etc
- Utilización de diferentes técnicas, instrumentos e materiais plásticos adecuados á idade dos nenos/as.
- Organización dun obradoiro ou recuncho relacionado coa expresión plástica.
- Gusto polas creacións artísticas e polo mundo da arte en xeral.
- Valoración das experiencias plásticas realizadas polos nenos/as como proxección das súas emocións e do mundo afectivo
- Globalización das expresións: Expresión oral, corporal, lóxico- matemática, plástica, gráfica e musical.
- Marco do proxecto: Natureza do proxecto; Localización; Obxectivos; Metodoloxía; Actividades e tarefas a realizar; Temporalización; Materiais e recursos e Avaliación.

Criterios de cualificación:

Ademais dos criterios de avaliación descritos no currículo, terase en consideración para a cualificación da proba os seguintes aspectos:

- Expresión fluída e sincrética.
- Propiedade no uso gramatical e a riqueza do léxico idóneo.
- Correcta sintaxe.
- Ortografía.
- Adecuada coherencia entre a teoría exposta e a praxe.
- Lexibilidade, comprensibilidade e a presentación ordenada do escrito.

No caso de non seguimento destas normas, a nota final do exame será penalizada.

Considéranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 sobre unha puntuación máxima de 10.

A cualificación da avaliación é numérica entre 1 e 10, sen decimais, redondeada á unidade máis próxima.

A cualificación final correspondente de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes da proba, expresada con números enteiros, aplicando os seguintes coeficientes de valoración:

1ª parte da proba: 50%

2ª parte da proba: 50%

Para superar a avaliación é necesario ter acadado unha puntuación superior a 5 puntos en cada unha das actividades realizadas ao longo da mesma. Para pasar a segunda parte da proba será necesario ter superada a primeira parte da mesma

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá na resposta a un cuestionario tipo test de entre 60 e 100 preguntas que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. As preguntas poderán ser preguntas de texto incompleto, preguntas de correspondencia ou emparellamento, preguntas de opción correcta entre varias opcións, preguntas de resposta





curta, preguntas de verdadeiro ou falso (en caso de que sexa falso contestar o correcto), de identificación de imaxes. Con este criterio pódense utilizar desde unha única variante para todo o exame ata múltiples variantes.

No cuestionario engadiranse 5 preguntas de reserva. No caso de que algunha delas tivera que ser eliminada pasaranse a contabilizar estas.

Para a realización desta primeira parte da proba só se necesitará bolígrafo de tinta azul.

As respostas incorrectas descontan puntuación. A forma de obter a cualificación é a seguinte:

Cada resposta errónea multiplicarase por 0,5, restando este resultado do número de acertos. O resultado multiplicarase por 10 e dividirase polo número total de preguntas.

A proba terá unha duración máxima de 1 hora e 30 minutos. Ata transcorridos 10 minutos ningunha persoa poderá entregar e abandonar a aula de exame.

Esta primeira parte da proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Finalizada esta primeira parte da proba, a comisión de avaliación exporá a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro.

Non se permitirá o uso de móbiles ou calquera dispositivo electrónico non autorizado.

#### **4.b) Segunda parte da proba**

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio. A duración máxima desta proba será de 2 horas.

Esta segunda parte consistirá no desenvolvemento e/ou resolución de un ou varios supostos prácticos e/ou unha serie de preguntas sobre un ou varios supostos de carácter práctico que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta segunda parte da proba cualificarse de 0 a 10 puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul.

Finalizada esta segunda parte da proba, a comisión de avaliación exporá as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro.

Non se permitirá o uso de móbiles.